

Remiten desde o SERGAS a seguinte información sobre a inscrición aberta para listas de contratación (TEL, TER, TERadioterapia,TEP, Hixienistas Dentais):

*Informámoslles que a partir do día 16 de Novembro se comezaron a validar as solicitudes de inscrición das listas que teñan sido confirmadas e entregadas polas persoas interesadas. A partir dese momento, as persoas poderán consultar o estado da validación da súa inscrición, no apartado de procesos correspondente a selección temporal ou promoción profesional, según sexa. Poderán saber en tempo real se a súa solicitude foi validada ou ben rexeitada.*

*De rexeitarse algunha solicitude polas causas previstas relacionadas coas taxas ou por defectos nos formularios, poden subsanarse dentro do prazo de solicitude. Posteriormente, coa publicación das listas provisionais se abrirá un novo prazo de subsanación de erros, pero non comprenderá a subsanación por impago de taxas.*

*A validación da inscrición, será visible en tempo real polas persoas interesadas, polo tanto de non ter aboado as taxas o ter outro defecto nas mesmas o no modelo, poden estar informadas e subsanar dentro do prazo de solicitude.*

*A validación da inscrición realizarase por orde de rexistro de entrada de ditas solicitudes nas unidades de validación polo que as persoas que entreguen as solicitudes con antelación poden subsanar os erros.*